



Expte núm.: 2022/E001/000016

<b>ACTA Nº 2</b> <b>Sesión do 05/03/2024</b> <b>Resultado do proceso selectivo</b> <b>Convocatoria para a cobertura, mediante funcionario/a de carreira, dunha (1) praza de persoal funcionario/a de administrativo/a da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C1 (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal</b>
--

Reunidos no salón de Plenos do Concello das Pontes de García Rodríguez, ás dez horas do día 5 de marzo de 2024 as persoas que forman parte da comisión de valoración, atendendo ao nomeamento efectuado mediante a Resolución núm. 18/2024, do 8 de xaneiro, do concelleiro delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, para dar continuidade á tramitación iniciada na sesión do 24/01/2024.

A esta sesión comparecen as seguintes persoas integrantes do órgano de selección:

- Presidencia: José Sanjurjo Paz, funcionario de administración especial (subgrupo A2)
- Vogalías 1ª: Julia Guerreiro Rodríguez, técnica de xestión tributaria (subgrupo A2)
- Vogalía 2ª: Carlos Teijeiro Paz, recadador (subgrupo C1)
- Vogalía 3ª: Guadalupe Rouco Alonso, administrativa (subgrupo C1)
- Secretaría: Sandra López Rodríguez, administrativa (subgrupo C1)

Na sesión do 24/01/2024, o órgano de selección acordou:

**"Primeiro:** Efectuar a valoración provisional da fase de concurso co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación académica	Formación específica	Puntuación total
Tembrás Tembrás, Noelia	<b>30 puntos</b>	<b>1 punto</b>	<b>19</b>	<b>50</b>
Pérez Martínez, María Guadalupe	<b>0 puntos</b>	<b>0,50 puntos</b>	<b>19 puntos</b>	<b>19,50</b>
López Otero, José Antonio	<b>0 puntos</b>	<b>0 puntos</b>	<b>18,90 puntos</b>	<b>18,90</b>

**Segundo.-** Declarar exentos aos aspirantes da realización da proba de galego que establece a base sétima das bases específicas da convocatoria por ter acreditado que están en posesión do Celga 4.

**Terceiro.-** En virtude da base décimo segunda das bases reguladoras dos procesos selectivos da praza de funcionario/a administrativo/a incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), concédese un prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da valoración efectuada no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así coma na páxina web municipal, para a presentación das reclamacións que se estimen pertinentes”.

O anuncio do resultado da valoración provisional estivo exposto dende o 09/02/2024 ao 16/02//2024 (ambos os dous días incluídos), sen que se tivesen presentado reclamacións durante o prazo concedido.



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453184 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: BDF

Por todo o indicado, e de acordo coa base décimo primeira das bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira, dunha (1) praza de administrativo/a de administración xeral, incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), a comisión de valoración acorda:

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura, dunha (1) praza de persoal funcionario administrativo/a da escala de administración xeral, grupo C, subgrupo C1, do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación académica	Formación específica	Puntuación total
Tembrás Tembrás, Noelia	30 puntos	1 punto	19	<b>50</b>
Pérez Martínez, María Guadalupe	0 puntos	0,50 puntos	19 puntos	<b>19,50</b>
López Otero, José Antonio	0 puntos	0 puntos	18,90 puntos	<b>18,90</b>

**Segundo.-** Proponer á Concellería-delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos a Veciñanza e Recursos Humanos para o nomeamento e ulterior toma de posesión de **Noelia Tembrás Tembrás**, na categoría de persoal funcionario/a de carreira, da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1, do Concello das Pontes de García Rodríguez.

**Terceiro.-** En virtude da base décimo segunda das bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira, dunha (1) praza de administrativo/a de administración xeral, incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), publicar un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así como na páxina *web* municipal.

**Cuarto.-** A persoa aspirante proposta polo Tribunal deberá presentar no concello, a través da sede electrónica, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello, a seguinte documentación:

- Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- Acreditación documental da conta bancaria no que se farán os seus ingresos nominais.

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forma maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453184 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: BDF

o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

A Presidencia da por rematada a presente sesión, sendo as 10:30 horas do día sinalado.

E para constancia do tratado expídese a presente acta, que asinan o presidente e a secretaria do órgano de selección, na data da sinatura dixital.